



**FACULTATIVO/A ESPECIALISTA DE ATENCIÓN PRIMARIA**

Artigo 35 da Lei 18/2021, de medidas fiscais e administrativas.

**CONDICIÓN BÁSICAS DE TRABAJO E RETRIBUTIVAS**

**I.- CENTROS DE TRABAJO / DESTINOS.**

**II.- XORNADA.**

**III.- RETRIBUCIÓN.**

**IV.- CARRERA PROFESIONAL.**

**V.- MOBILIDADE.**

---

**I.- CENTROS DE TRABAJO / DESTINOS.**

Os lugares de prestación de servizos serán centros de saúde (prazas co seu cupo) + PACs. Para estes (os PACs) utilizaranse como referencia, con carácter xeral, os ámbitos territoriais dos nomeamentos de continuidade.

Eses lugares de prestación concretaranse, na convocatoria do concurso de méritos, para cada unha das 106 prazas dotadas e ofertadas.

Na convocatoria tamén figurará a quenda de traballo nos centros de saúde (M/T/D).

## **II.- XORNADA.**

- Ordinaria (centros de saúde): a vixente para o persoal médico de familia.
- Complementaria / continuada: traballo en PAC nun tramo entre 280 e 550 horas anuais (tómese como referencia xeral unha cadencia de dúas gardas ao mes).

Este persoal participará nas gardas de relevo (localizadas), dentro do distrito sanitario de destino, cando se teña implantado este sistema para a cobertura das ausencias imprevisibles nas fins de semana e días festivos. No caso de ser requirida a súa presenza, a garda efectivamente realizada imputarase ao referido tramo de prestación.

De forma motivada, e en períodos estacionais, as gardas de relevo (localizadas) poderán realizarse en días non festivos ou fóra das fins de semana.

- O persoal terá as garantías en materia de xornada, descansos, permisos e vacacións que establece a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

- Descanso semanal: Para o cálculo do período de descanso semanal ininterrompido de 36 horas, o período de referencia será de dúas semanas.

- Libranza: O persoal que realice unha garda de alomenos 17 horas nun Punto de Atención Continuada, terá dereito á libranza da xornada ordinaria inmediata que se inicie o mesmo día. Cando as necesidades asistenciais impidan esa libranza de carácter inmediato, esta farase efectiva con carácter xeral nos dez días seguintes á realización da garda.

- Calendarios de traballo (equidade e proporcionalidade):

Sen prexuízo das singularidades da súa prestación de servizos, o persoal fixo da nova categoría participará e será tratado equitativamente na elaboración dos calendarios de traballo.

Os calendarios anuais terán unha cadencia en asignación de quendas de atención continuada que leven a un reparto proporcionado do número de horas mensuais de prestación, coa previsión inicial do mes de vacacións.

Para os efectos de implantar estas medidas en materia de calendario revisaranse os plans funcionais. Nestes próximos meses, mentres non se realice esa revisión e o persoal poida ser incorporado a un calendario en condicións de equidade e proporcionalidade, as súas carteleiras de traballo iranse confeccionando en función das necesidades asistenciais, procurando que teña fixado mensualmente, como mínimo, o oitenta por cento da súa carteleira.

- Transición de horario de traballo continuado entre centro de saúde e PAC (noutra localidade): Ao/á profesional que, trala súa actividade ordinaria nun centro de saúde, teña que realizar de modo inmediato unha garda nun PAC doutra localidade, facilitaráselle unha hora de ausencia ao final do seu horario no centro de saúde, para os efectos da súa incorporación puntual no PAC.

### **III.- RETRIBUCIÓN.S.**

1. Retribucións vixentes para o persoal médico de familia das unidades de atención primaria (Decreto 226/1996): inclúe conceptos vinculados a número de asegurados/as, despoboación, dispersión, illamento...

2. Complemento de prestación singular: 176,46 euros/mes (contía 2022). Retribúe as singularidades e condicións de traballo especiais desta categoría (prestación obrigatoria en centros de saúde + PAC, e con máis xornada).

3. Atención continuada: contías correspondentes ás gardas do persoal facultativo.

- 17 horas: 424,15 €
- 24 horas: 598,80 €
- Valor hora: 24,94 €

4. Complemento de produtividade, factor variable (CPV), do persoal médico de atención primaria.

- 2.394,43 €/ano (99,76 €/mes a conta; o resto segundo a porcentaxe de consecución de obxectivos).

#### **IV.- CARREIRA PROFESIONAL**

- O persoal da nova categoría poderá solicitar o seu grao I cando acredite un período de tres anos de servizo activo, no grao inicial da categoría, o último día do prazo que a convocatoria anual estableza para a presentación de solicitudes.

#### **V.- MOBILIDADE NA CATEGORÍA.**

A nova categoría incorporárase ao procedemento de concurso de traslados aberto e permanente no ano 2024.